

Bases do XX Certame de creación artística Poesía e Imaxe

EN GALEGO, SEN FILTRO

1.- Poderá participar todo o alumnado matriculado en calquera dos centros de ensino –públicos, concertados ou privados- de Ferrol e aqueles centros que forman parte da Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística (CENL).

2.- As persoas participantes deberán presentar unha composición plástica orixinal en calquera destas modalidades:

- a) Modalidade A : debuxo, pintura, colaxe e fotografía
- b) Modalidade B: audiovisual.

- No caso de optar pola **modalidade audiovisual:**

- Deberán ser orixinais, ou extraídos dun banco de arquivos libres, non comercializados (tanto as imaxes coma o son e a música)
- Duración: até 5 minutos, créditos incluídos. ^[L]_[SEP]
- Os traballos poderán estar aloxados nun servizo de *streaming* de vídeo como [Vimeo](#), [Youtube](#), [DailyMotion](#), etc. de maneira oculta ou privada (neste caso deberán indicar a dirección (URL) a través da que se pode acceder ao vídeo) ou ben enviarse en calquer tipo de formato e/ou soporte dixital. Tamén desde Velaquí.gal ao enderezo cequipnormalizacion@gmail.com
- De apareceren menores de idade, deberán contar coa autorización paterna ^[L]_[SEP]ou materna. ^[L]_[SEP]
- Calquera apropiación indebida de dereitos de autor –imaxe e son- ou incumprimento das bases desta convocatoria é responsabilidade directa do profesor/a ou titor/a. ^[L]_[SEP]

3.- Para a realización da súa obra deberán escoller, como motivo de inspiración, unha (1) de entre as 15 propostas poéticas da literatura universal recollidas no anexo destas bases, o autor ou a autora deberá indicar o texto seleccionado. En caso de optar á modalidade de novas tecnoloxías, deberase indicar o texto seleccionado. A autoría dos traballos presentados poderá ser individual ou colectiva e neste último caso o agasallo será tamén colectivo.

4.- Niveis de participación:

- Educación Infantil
- 1º/2º/3º de educación primaria
- 4º/5º/6º de educación primaria.
- ESO
- Bacharelato
- Ciclos formativos

5.- Os centros participantes desenvolverán as súas actividades en dúas fases:

- a) fase nos centros
- b) fase intercentros

6.- Na fase do propio centro realizaranse actividades que relacionen o mundo da expresión poética co da expresión plástica ou as novas tecnoloxías. O centro seleccionará nesta fase **unha ÚNICA OBRA por nivel definido na base 4 para participar na fase intercentros na modalidade A.**

Na modalidade B (audiovisual) cada centro poderá enviar **un por nivel educativo (Infantil, Primaria, ESO, Bacharelato e ciclos formativos).**

O non cumprimento das bases suporá a descualificación.

7.- Os centros deberán enviar os orixinais seleccionados (unha obra por nivel definido na base 4 e conforme co artigo 6), quer en man, quer por calquera outro medio, **antes do sábado 21 de febreiro de 2020**

Os traballos seleccionados deberán enviarse a:

*Equipa de Normalización Lingüística
IES Concepción Arenal
Rúa de Cuntis , 1 (15402) – Ferrol*

Ou, de ser o caso, da url onde está aloxado o vídeo ao propio correo electrónico da coordinadora. cequipnormalizacion@gmail.com

Todas as láminas participantes deberán incluír no seu dorso: nome e apelidos, nivel académico, nome do centro e poema elixido. No interior do sobre deberá figurar o contacto da persoa responsable no centro (tfno. E enderezo electrónico). **Importante: o tamaño máximo dos traballos será un A1.**

8.- A Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística nomeará un xurado que seleccionará de entre as obras presentadas para a fase intercentros **un máximo de vinte e cinco (25) cadros e dez (10) obras da modalidade de audiovisuais** atendendo aos seguintes criterios:

- calidade estética
- orixinalidade
- interrelación entre a linguaxe poética e a linguaxe plástica e visual

9.- O xurado garantirá que cada nivel estea representado por un mínimo de cinco obras, sempre que se atean aos criterios do punto 8 destas bases, e poderá declarar o certame total ou parcialmente deserto. A súa decisión será inapelábel. O xurado realizará a selección de traballos na primeira quincena de marzo.

10.- Todos os orixinais presentados na fase intercentros pasarán a ser propiedade da Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística . Os traballos editados pasarán a ser propiedade do Concello de Ferrol. O Concello de Ferrol poderá doárllelos aos centros de ensino en que estean matriculados os/as alumnos/as seleccionados/as.

11.- Coas obras seleccionadas o **Concello de Ferrol e a CENL realizarán unha exposición pública a finais de abril de 2020**, Os traballos realizados nalgún dos soportes relacionados coas TIC, referidos no artigo 2, exporanse nas páxinas web do Concello de Ferrol, na páxina web da Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística e ademais en calquera outro espazo que estas dúas entidades acorden coa conformidade dos centros de ensino correspondentes e dos autores e autoras das obras.

12.- A participación no certame implica a aceptación destas bases. A súa interpretación correspóndelle ao xurado.

Ferrol, xaneiro 2020